EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DESCARGABLES UNIDADE 1. 1ª QUINCENA

1. COMENTARIO DE TEXTO: A CULTURA CASTREXA

Normas básicas para facer un comentario de texto:

1. Atenta lectura do documento para coñecer o asunto xeral do que trata o texto e ordenar as ideas que contén. É útil subliñar palabras ou frases para distinguir as ideas esenciais das secundarias.
2. Contextualización histórica: que pasaba nese momento? Consiste en situar o texto nun momento histórico concreto ou nun determinado proceso político, social, económico, etc. Pode ser unha breve introdución que enmarque o texto nas circunstancias históricas nas que se produciu.
3. Análise dos contidos: que quere dicir este texto? Haberá que seleccionar as ideas máis importantes, preguntándonos que queren dicirnos (interpretación histórica) e matizar ou mencionar algunhas das ideas secundarias. Pódense incluír aclaracións sobre feitos, persoas, etc., que nos parezan ben, pero sempre como unha parte da redacción, incluídas nela.
4. Que sei eu deste tema? Relacionar o texto cos coñecementos que cada alumno ou alumna teña do tema, para poñer de manifesto a transcendencia do proceso do que se trate.
5. Conclusión: que importancia tivo este feito na súa época? É recomendable rematar cunha conclusión ou valoración global, sempre desde a perspectiva de valorar a importancia que tivo un feito ou un proceso no seu momento (perspectiva de coñecemento histórico), ou que importancia ten para a actualidade.
6.- O comentario debe reflectir o grao de madurez expresiva, polo que se terán en conta as normas de expresión escrita, como a precisión léxica, a corrección da sintaxe ou a claridade da expresión. Finalmente cómpre lembrar que non debe ser moi extenso, a precisión redunda en beneficio da claridade.

Costumes e modos de vida dos habitantes da montaña

*" (...)Todos os habitantes da montaña levan unha vida sinxela, beben auga, dormen no chan e levan o pelo longo como as mulleres. Mais no combate cinguen a fronte cunha cinta. Principalmente comen carne de macho cabrío e sacrifican a Ares machos cabríos, cabalos e prisioneiros (…) Os montañeses viven durante dous terzos do ano de landras que secan e machucan e que logo moen para facer pan e conservalo moito tempo. Tamén beben "*zythos*". Están escasos de viño e o que conseguen gástano rapidamente en festíns coas familias. No lugar de aceite empregan manteiga. Toman as súas comidas sentados, en bancos construídos arredor das paredes, situándose segundo a idade e a dignidade; a comida vaise pasando en roda. (…) Todos van vestidos de negro, a maioría con sacos, cos que dormen en leitos de palla (…). As mulleres levan vestidos e saias con adornos florais. Os máis afastados, en lugar de moedas fan trocos de especies ou dan anacos de prata. Aos condenados a morte precipítanos por un barranco e aos parricidas lapídanos fóra das rexións ou das cidades. Usaban barcos de coiro antes de Bruto (…) pero agora, mesmo os barcos feitos dun tronco de árbore, son raros. (…) Así é a vida dos montañeses (…), os Galaicos, os Astures e os Cántabros (...)".*

Estrabón, III, 3,7. [Texto orixinal en grego]

2. COMENTARIO DE MAPAS HISTÓRICOS: A IDADE DO BRONCE

Normas básicas para facer un comentario dun mapa:

Os mapas históricos son unha representación gráfica da dimensión espacial dun determinado acontecemento ou proceso. Contan con símbolos como as cores, que delimitan espazos e unha lenda que nos ofrece información complementaria para entender a convención dos símbolos.

As recomendacións feitas para os comentarios de texto son aplicables en grande medida para este outro tipo de documentos.O primeiro paso será delimitar as circunstancias históricas que se reflicten no mapa, é dicir, concretar o momento histórico do que sexa significativo. O segundo paso consistirá na súa lectura ou interpretación.

O comentario forma a parte central do traballo con este tipo de documentos, e aínda que é aberto e apreciarase un tratamento persoal, e conveniente que establezades relacións con acontecementos anteriores e posteriores: semellanzas e diferenzas con outros momentos do proceso; causas e consecuencias, etc. para poder apreciar a vosa capacidade relacional.



Cuestións:

Mapa de localización dos petróglifos

1. Que é un petróglifo?
2. De que momento son característicos?
3. En que lugares de Galicia son máis abundantes?

3. COMENTARIO DE MAPAS HISTÓRICOS: A ROMANIZACIÓN

Cuestións:

Este mapa recolle as principais vías romanas de Gallaecia:

1. Que funcións cumprían estas vías para o mantemento do Imperio?
2. Como se estrutura este sistema viario no territorio de Gallaecia?
3. Que edificacións destacan vinculadas ás calzadas?

RESPOSTAS

1. COMENTARIO DE TEXTO: A CULTURA CASTREXA

A sociedade e a economía castrexa foi descrita polos autores clásicos nunha serie de textos gregos e latinos. Estes textos dannos unha información que debemos tomar con precaución porque están escritos dende a óptica dos vencedores. É unha información demasiado xenérica porque sempre se refiren a tódolos pobos en xeral, sen facer deferencias entre eles. Ademais baséanse moitas veces no tópico da barbarie que caracteriza aos pobos indíxenas fronte á bondade da cultura romana. Aínda así os datos que nos aportan son fundamentais para coñecer o modo de vida destes pobos.

Un destes autores é o grego Estrabón, autor deste texto pertencente a súa obra Xeografía. Estrabón (64 a.C.-19 d.C.), refírese en primeiro lugar, ao modo de vestirse e comportarse dos habitantes destes pobos así como tamén a súa alimentación. A descrición desta alimentación non deixa de ser nesgada no sentido de que contrapón alimentos considerados salvaxes como as landras, a cervexa ou a manteiga con outros máis propios de pobos civilizados como o trigo, o viño e o aceite. Segundo Estrabón a economía castrexa baséase na agricultura, na recolleita de froitos silvestres, na gandería e na caza pero sabemos que tamén se practicaba a pesca e o marisqueo, se realizaban intercambios comerciais e se extraían riquezas das minas con técnicas despois usadas polos romanos. O autor grego fala ademais dun certo tipo de moeda consistente en pezas recortadas de prata pero o certo é que non se atopou ningunha destas moedas. O máis probable é que os intercambios se produciran polo procedemento do troco.

Na agricultura predomina o cultivo dos cereais pero compleméntase co de leguminosas como fabas ou chícharos e dispoñen xa de instrumental agrícola importante como fouciños, aixadas ou muíños de man. A recolleita de landras permítelles facer un tipo de pan (que chamou a atención dos romanos) cando escaseaba o cereal. Na gandería, dispuñan de gando vacún para tiro e para leite, e porcos, ovellas e cabras como fontes de carne. Nos asentamentos marítimos a pesca e o marisqueo son tamén actividades importantes.

Estrabón non esquece facer referencia a algúns costumes considerados bárbaros como o feito de precipitaren aos condenados a morte ou de lapidar aos parricidas. Refírese tamén ao sacrificio de animais e prisioneiros aos deuses (neste caso a Ares). A relixiosidade dos habitantes dos castros foi moi intensa e constátanse no seu panteón case un centenar de deuses, manténdose moitos deles baixo a dominación romana.

2. COMENTARIO DE MAPAS HISTÓRICOS: A IDADE DO BRONCE

1. *Que é un petróglifo?* Un petróglifo é un conxunto de gravados ou incisións nas rochas graníticas situados ao aire libre que poden representar motivos zoomorfos ou antropomorfos pero, sobre todo, motivos xeométricos e esquemáticos (espirais, círculos concéntricos, etc.).

2. *De que momento son característicos?* Os petróglifos son característicos da Idade do Bronce pero seguen realizándose ata ben entrada a cultura castrexa.

3. *En que lugares de Galicia son máis abundantes?* Os petróglifos concéntranse case exclusivamente nas rías de Vigo e Pontevedra e nos vales próximos. En Campolameiro está o núcleo principal da arte rupestre galega.

3. COMENTARIO DE MAPAS HISTÓRICOS: A ROMANIZACIÓN

Este mapa recolle as principais vías romanas de Gallaecia:

1. *Que funcións cumprían estas vías para o mantemento do Imperio?*
   As vías romanas comunican os núcleos de poboación máis importantes e supoñen un factor decisivo na organización do Imperio. Nun principio responden a fins militares pero despois a súa función é, fundamentalmente, económica xa que responden a intereses comerciais.

2. *Como se estrutura este sistema viario no territorio de Gallaecia?*
   A rede viaria galega na época romana estrutúrase en torno a catro grandes rutas: a de Brácara a Astúrica por Chaves, a Vía Nova (construída en época flavia), a de Brácara a Astúrica pero pola provincia de Ourense, a de Brácara a Lucus e despois a Astúrica e outra ca mesma dirección pero próxima á costa ata Brigantium. Como se deduce facilmente, o eixe máis importante é o que une Brácara con Augusta por ser as capitais dos dous conventos máis importantes economicamente. A estas rutas principais únense outras secundarias.

3. *Que edificacións destacan vinculadas ás calzadas?*
   Sobre todo nas vías principais constrúense pousadas para durmir ou descansar, mansións e miliarios. Os miliarios son columnas que se colocan ao borde das calzadas para indicar a distancia en millas (unha milla romana equivale a mil *passus*, é dicir, 1481 metros).